



CONCELLO DE
OLEIROS

ANUNCIO

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir **dúas prazas de persoal operativo de servizos xerais (persoal laboral)**, de acordo coas bases aprobadas por Resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, de 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordo co artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o Tribunal acorda:

Primeiro.- Corrixir a puntuación acadada polo aspirante Roberto López Espiñeira, de xeito que o resultado definitivo da valoración dos méritos alegados é a seguinte:


Apelidos e nome	DNI	Méritos profesionais	Outros méritos	Nota
LÓPEZ ESPÍÑEIRA, ROBERTO	***4521**	36,00	4,00	40,00

Segundo.- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen a convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

Terceiro.- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día **29 de abril de 2024** no Centro Municipal de Formación “Isaac Díaz Pardo”, situado na [rúa dos Regos nº 24 \(Liáns, Oleiros\)](#). O chamamento comezará ás **9:30 h** polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra “H”. As persoas aspirantes deberán vir provistas do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

Asinado electronicamente, na data que figura na marxe deste documento, polo secretario do Tribunal, Ramón Alejandro Mosqueira Rodríguez.





CONCELLO DE
OLEIROS

ANEXO

BATERÍA DE PREGUNTAS CORRESPONDENTES AO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE DOUS OPERARIOS DE SERVIZOS XERAIS

1. España propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico:
 - a) A liberdade, a imparcialidade, a equidade e o pluralismo político.
 - b) A autonomía, a xustiza, a equidade e o pluralismo social.
 - c) A autonomía, a imparcialidade, a igualdade e o pluralismo político.
 - d) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
2. A Constitución garante:
 - a) O principio de legalidade.
 - b) A xerarquía normativa.
 - c) A publicidade das normas.
 - d) Todas son correctas.
3. Contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lle son propios:
 - a) Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais.
 - b) Os partidos políticos.
 - c) A cidadanía.
 - d) As Forzas Armadas.
4. A Constitución Española establece que é obrigatoria e gratuíta:
 - a) O ensino básico.
 - b) A educación primaria.
 - c) A educación secundaria.
 - d) A educación infantil.
5. O dereito de asociación:
 - a) Poderá suspenderse cando se declare o estado de excepción.
 - b) Poderá suspenderse cando se declare o estado de sitio.
 - c) Poderá suspenderse cando se declare o estado de excepción ou de sitio.
 - d) Ningunha resposta é correcta.
6. A organización municipal responde á seguinte regra:
 - a) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.
 - b) A Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local.
 - c) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os concellos.
 - d) Todas son correctas.





CONCELLO DE
OLEIROS


7. Corresponde ao alcalde, no exercicio das súas funciónes:
 - a) Establecer directrices xerais da acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.
 - b) A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia.
 - c) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos.
 - d) Todas son correctas.

8. Corresponde á Xunta de Goberno Local:
 - a) A transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por le impóñanse obrigatoriamente.
 - b) A aprobación do proxecto de orzamento.
 - c) A presentación de conflitos de competencia a outras entidades locais e outras administracións públicas.
 - d) Todas son correctas.

9. Os acordos do Pleno adoptaranse, en calquera caso:
 - a) Por maioría absoluta.
 - b) Por maioría simple.
 - c) Por maioría absoluta do número legal de membros.
 - d) Ningunha é correcta.

10. Cal das seguintes afirmacións non é correcta en relación coa organización da Xunta de Goberno Local?
 - a) É o órgano que, baixo a presidencia do alcalde, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a este corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da Lei 7/85, de bases do réxime local.
 - b) O alcalde poderá nomear como membros da Xunta de Goberno Local a persoas que non ostenten a condición de concelleiros, sempre que o seu número non supere un terzo dos seus membros, excluído o alcalde.
 - c) A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o alcalde da súa xestión de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.
 - d) A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá a un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro.

11. Segundo a Constitución Española, cal dos seguintes non é un dereito fundamental?
 - a) A liberdade relixiosa.
 - b) A igualdade ante a lei.
 - c) O dereito á propia imaxe.
 - d) Todos son dereitos fundamentais recollidos na Constitución Española.






CONCELLO DE
OLEIROS

12. Segundo a Constitución Española, cal das seguintes afirmacións non é correcta?
- a) O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e de usala.
 - b) A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.
 - c) A Constitución garante o dereito á autonomía das nacionalidades que integran a Nación española.
 - d) Unha lei orgánica regulará as bases da organización militar.
13. Segundo a Constitución Española, en que se fundamenta a orde política e a paz social?
- a) Na seguridade xurídica.
 - b) Na solidariedade entre todas as nacionalidades e rexións que integran a Nación española.
 - c) No respecto aos dereitos dos demais.
 - d) Todas son correctas.
14. Cales son as misións das Forzas Armadas españolas?
- a) Garantir a soberanía de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional.
 - b) Garantir a independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento xurídico.
 - c) Garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional.
 - d) Garantir a soberanía e independencia política de España, defender a súa integridade territorial y ordenamento xurídico.
15. Que se considera veciño dun municipio?
- a) A calquera persoa española inscrita no Padrón municipal.
 - b) A calquera persoa residente no termo municipal.
 - c) A calquera persoa inscrita no Padrón municipal.
 - d) A calquera persoa que resida a maior parte do ano no termo municipal.
16. As patas roscadas de cociñas, ao xiralas cara á esquerda ou á dereita, provocan no módulo que...
- a) Se fixe no chan.
 - b) Se desprace horizontalmente.
 - c) Suba ou baixe.
 - d) Non serven para nada están so por estética.
17. O nivel serve para:
- a) Comprobar a altura.
 - b) Comprobar planicidade.
 - c) As opcións a) e d) son correctas.
 - d) Medir lonxitudes.





CONCELLO DE
OLEIROS

18. Como se denomina a capa de aplicación previa destinada a mellorar as calidades do soporte de modo que reciba correctamente as capas de acabado previstas cun rendemento, remate e durabilidade correctos?
- Capa preparatoria.
 - Capa de entibación.
 - Capa de replanteo.
 - Capa de imprimación.
19. As pinturas plásticas son:
- Pintura á auga.
 - Pintura ao aceite.
 - Pintura nas que os seus ligantes son colas celulósicas.
 - As opcións a) e c) son correctas.
20. Que nome recibe a xunta indicada coa frecha:
- Cordel.
 - Tendel.
 - Chaga.
 - Unión horizontal.
- 
21. Que máquina usaremos para facer ensambles a 45 graos?
- A tupí.
 - A escuadradora.
 - A serra circular ingletadora.
 - A serra de cinta.
22. Nos tableiros, que nos indica o canto de cor verde?
- Que é moi bo.
 - Que é moi duro.
 - Que é hidrófugo.
 - Que é ignífugo.
23. Que máquina se utiliza para perfilar, moldurar, ranurar e espigar?
- A tupí.
 - A escopleadora.
 - A cepilladora.
 - A serra circular.
24. Que instrumento serve para medir ángulos?
- O goniómetro.
 - O pé de rei.
 - A falsa escuadra.
 - O sarxento.





CONCELLO DE
OLEIROS

25. Un dos taboleiros que mellor admite as pinturas ou lacas é:
- Taboleiro de fibra ou MDF.
 - Taboleiro alistonado de madeira.
 - Taboleiro contrachapado.
 - Todas as opcións son incorrectas.
26. Cales son as ferraxes de fixación máis comúns?
- Escuadras metálicas.
 - Tacos e parafusos.
 - Espirros.
 - Alcaiatas.
27. A recomendación máis importante que se debe seguir na limpeza de mobles é:
- Realizala moi a miúdo.
 - Non utilizar produtos abrasivos.
 - Que a realice persoal cualificado.
 - Ningunha das anteriores é a correcta.
28. Unha raedera sirve para:
- Facer morteiro.
 - Facer rozas.
 - Desencofrar.
 - Rascar paredes.
29. Que elementos adóitanse utilizar para protexer cantos e esquinas de elementos de carpintería e moble?
- Papel engomado.
 - Plástico de burbullas.
 - Cantoneiras e esquineiras.
 - Ningunha das anteriores é a correcta.
30. Antes de pintar unha superficie metálica deberase...
- Facer unha limpeza xeral.
 - Desengraxar.
 - Eliminar óxidos.
 - Todas as opcións anteriores son correctas.
31. O conglomerante que máis se usa en albanelería é:
- O cal.
 - O xeso.
 - O cemento.
 - A cola.





CONCELLO DE
OLEIROS

32. Como se denomina a un modelo que axuda en rebaixes e encaixes de pezas que tamén se utiliza para comprobar se os elementos dun conxunto están a escuadra?

- a) Encaixe macho/femia.
- b) Cuña.
- c) Escantillón.
- d) Precerco.

33. Que é unha revocadura?

- a) Un revestimento con morteiro de cal.
- b) Un revestimento con morteiro bastardo.
- c) Un revestimento fino de cal e xeso.
- d) As respostas a e b son correctas.

34. Sinale como se chama á formación que obteríamos coa mestura dos materiais que aparecen no gráfico:

- a) Pasta.
- b) Morteiro.
- c) Formigón.
- d) Morteiro bastardo.



35. Cal será a aplicación usual dunha pintura de poliuretano?

- a) Sobre revocaduras de cal en exteriores para obras de rehabilitación.
- b) Zócalos decorativos en vivendas.
- c) Garaxes e cubertas transitables.
- d) Regularización de paredes defectuosas e tapado de gretas.

36. De cantas chapas soe estar formado un taboleiro contrachapado?

- a) De dúas.
- b) De tres.
- c) De catro.
- d) De seis.

37. Que ancho de premarco prefabricado pedimos, se nos din que o tabique é de ladrillo de 8 cm?

- a) 10
- b) 8
- c) 12
- d) 14

38. O verniz é revestimento que....

- a) É transparente.
- b) É protector da madeira.
- c) Proporciona un acabado impermeable, resistente ao roce e á calor.
- d) Todas as opcións anteriores son correctas.





CONCELLO DE
OLEIROS

39. Os morteiros en albanería utilízanse como:
- Material de agarre en unión de mampostos que integran as obras de fábricas.
 - Revestimentos con enfoscados ou revocaduras.
 - As respostas a) e b) son correctas.
 - Formigóns.
40. Para o corte idóneo dos ferros dunha malla electro soldada de Ø 6, utilizarase:
- Unhas tenaces.
 - Unha cizalla.
 - Una serra.
 - Todas as respostas anteriores son válidas.
41. Que é unha obra de fábrica?
- Un revestimento continuo.
 - Unha edificación singular.
 - Elemento construtivo a partir de ladrillo, pedras, bloque, unidos entre si.
 - Conxunto de ferramentas de albanelería.
42. Que máquina utilizaremos para despezar unha táboa grande de madeira?
- A tupí.
 - A cepilladora.
 - A serra de cinta.
 - A regrosadora.
43. Que tipo de bisagras se instala nos mobles de cociña?
- Bisagra plana.
 - Bisagra de cazoleta.
 - Bisagra tipo pernio.
 - Bisagra de piano.
44. Que area se utiliza en morteiros por ser máis fácil de traballar, ter o gran máis limpo de impurezas, ser liso e redondeado:
- De machaqueo.
 - De mina.
 - De río.
 - De costa ou mariña.
45. O “percutor” é unha opción que ten o/a:
- Cepillo eléctrico.
 - Fresadora.
 - Serra de calar.
 - Trabe.





CONCELLO DE
OLEIROS

46. A Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais no seu art. 15 establece os principios da acción preventiva, sinala cal dos seguintes é falso:
- Evitar os riscos.
 - Adaptar o traballo á persoa.
 - Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
 - Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
47. Respecto das obrigas do empresario en canto a consultar aos traballadores, coa debida antelación, non é certo que deba consultar a adopción das decisións relativas a:
- A planificación e a organización do traballo na empresa e a introdución de novas tecnoloxías en todo o relacionado coas consecuencias que estas puideran ter para a seguridade e a saúde dos traballadores, derivadas da elección dos equipos, a determinación e a adecuación das condicións de traballo e o impacto dos factores ambientais no traballo.
 - A organización e desenvolvemento das actividades de prevención da saúde e protección fronte aos riscos profesionais na empresa, incluída a designación dos traballadores encargados de ditas actividades ou o recurso a un servizo de prevención externo.
 - A designación dos traballadores encargados das medidas de emerxencia.
 - O proxecto e a organización da formación en materia preventiva.
48. Segundo a Lei de prevención de riscos laborais os datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores, poderán ser usados con fines discriminatorios ou en prexuízo do traballador:
- No.
 - So en caso de enfermidades contaxiosas.
 - Si, sempre que se notifique ao traballador afectado.
 - Si.
49. O incumprimento dos traballadores das obrigas en materia de prevención de riscos laborais:
- Dará lugar ao seu despedido inmediato da empresa ou perda da condición de funcionario público.
 - No leva aparellada ningunha consecuencia se non se producen resultados prexudiciais.
 - Terá a consideración de incumprimento laboral, para os efectos previstos no Estatuto dos Traballadores ou de falta, no seu caso, segundo a normativa de Réxime Disciplinario dos Funcionarios Públicos ou do Persoal Estatutario ao servizo das Administracións Públicas.
 - Ningunha das contestacións anteriores é correcta.
50. “O conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas co fin de garantir a axeitada protección da seguridade e a saúde dos traballadores, asistindo e asesorando para elo ao empresario, aos traballadores e aos seus representantes e aos órganos de representación especializados” é, de acordo coa Lei 31/1995, a definición de:
- Servizo de saúde.
 - Comité de seguridade e Saúde.
 - Delegados de Prevención.
 - Servizo de Prevención.





51. Será considerado en todo caso como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao crédito horario de horas mensuais retribuídas previsto na letra e) do artigo 68 do Estatuto dos Traballadores:
- O correspondente á reunións do Comité de Seguridade e Saúde e a calquera outras convocadas polo empresario en materia de prevención de riscos.
 - O tempo utilizado polos Delegados de Prevención para acompañar aos técnicos nas avaliacións de carácter preventivo do medio ambiente de traballo, así como aos Inspectores de Traballo e Seguridade Social nas visitas e verificacións que realicen nos centros de traballo para comprobar o cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, podendo formular ante eles as observacións que estimen oportunas.
 - O dedicado a exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
 - O utilizado para realizar visitas aos lugares de traballo para exercer un labor de vixilancia e control do estado das condicións de traballo.
52. Segundo a Lei de prevención de riscos laborais, a función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:
- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
 - Inspección de Traballo e Seguridade Social.
 - Servizos de Medicina Preventiva.
 - Servizos de Prevención.
53. A Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais non será de aplicación:
- Aos fabricantes, importadores e subministradores e traballadores autónomos, sen prexuízo das súas normas específicas.
 - Ás sociedades cooperativas, nas que existan socios con prestación do seu traballo persoal, coas peculiaridades derivadas da súa normativa específica.
 - Aos establecementos penais.
 - Á relación laboral de carácter especial ao Servizo do Fogar Familiar.
54. Os delegados de prevención serán:
- Nomeados entre os traballadores con titulación de técnico básico en prevención de riscos laborais.
 - Designados por e entre os representantes dos traballadores.
 - Desígnalos a empresa para o dito cargo.
 - Traballadores fixos da empresa.





CONCELLO DE
OLEIROS

55. De acordo co indicado na Lei 31/1995, a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo constitúe:
- Dano irreparable.
 - Risco Laboral.
 - Condición do posto de traballo.
 - Xustifica o absentismo laboral.
56. De acordo coa Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, en cumprimento do deber de prevención de riscos profesionais, o empresario poderá:
- Designar un ou varios traballadores para ocuparse da dita actividade.
 - Constituír un servizo de prevención propio.
 - Concertar o dito servizo cunha entidade especializada allea á empresa.
 - As tres opcións anteriores están prevista na Lei 31/1995.
57. Segundo o art. 35 da Lei 35/1995, de prevención de riscos laborais, os delegados de prevención serán designados de xeito que:
- De 100 a 500 traballadores correspóndenlle 3 delegados.
 - De 501 a 1000 traballadores correspóndenlle 4 delegados.
 - De 2000 a 3000 traballadores correspóndenlle 6 delegados.
 - De 4000 a 8000 traballadores correspóndenlle 8 delegados.
58. De acordo co art. 29 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, os traballadores, con arranxo á súa formación e seguindo as instrucións do empresario, terán o deber de:
- Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario.
 - Usar adecuadamente, de acordo coa súa natureza e os riscos imprevisibles, as máquinas, aparellos, ferramentas e, en xeral, calquera outros medios cos que desenvolvan a súa actividade.
 - Informar de inmediato á autoridade laboral, acerca de calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe por motivos razoables un risco para a seguridade e saúde dos traballadores.
 - Todas as respostas anteriores son correctas.
59. Segundo a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, para constituír un Comité de Seguridade e Saúde, que número mínimo de traballadores debe ter a empresa?
- 30.
 - 40.
 - 50.
 - 60.
60. Segundo a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, “O conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo” é a definición de:
- Condición de traballo.
 - Prevención.
 - Equipo de traballo.
 - Previsión.





CONCELLO DE
OLEIROS

61. Segundo o artigo 32 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, poderán desenvolver directamente as funcións correspondentes aos Servizos de Prevención alleos?
- Non.
 - Si, nos termos e condicións que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.
 - Si, en calquera caso.
 - So en empresas de máis de 1000 traballadores.
62. Non será unha obriga dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais:
- Usar adecuadamente, de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, as máquinas, aparellos, ferramentas, sustancias perigosas, equipos de transporte e, en xeral, calquera outros medios cos que desenvolvan a súa actividade.
 - Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coas instrucións recibidas deste.
 - Por fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
 - Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores.
63. O empresario deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral unha serie de documentos, relativos ás obrigas establecidas na Lei 31/1995, entre os que non se atopan:
- Plan de prevención de riscos laborais.
 - Avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo.
 - Resultados dos controis do estado de saúde dos traballadores.
 - Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causaran ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.
64. Os traballadores con relacións de traballo temporais ou de duración determinada, así como os contratados por empresas de traballo temporal, en materia de seguridade e saúde:
- Deberán gozar do mesmo nivel de protección ca os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos.
 - Poderán gozar do mesmo nivel de protección ca os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos.
 - Deberán gozar dun nivel de protección maior ca os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos.
 - Deberán gozar do nivel de protección que a empresa na que prestan os seus servizos estime necesario proporcionarlles.





CONCELLO DE
OLEIROS

65. O empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, en materia de, sinala a incorrecta:
- Plan de prevención de riscos laborais.
 - Avaliación de riscos.
 - Información das autoridades laborais.
 - Vixilancia da saúde.
66. Cal é a lei que regula actualmente a materia de prevención de riscos laborais?
- A Lei 31/1995, de 6 de decembro que entrou en vigor o 10 de febreiro de 1996.
 - A Lei 31/1995, de 5 de novembro que entrou en vigor o 12 de febreiro de 1996.
 - A Lei 31/1995, de 6 de abril que entrou en vigor o 8 de febreiro de 1996.
 - A Lei 31/1995, de 8 de novembro que entrou en vigor o 10 de febreiro de 1996.
67. As disposicións de carácter laboral contidas na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e nas súas normas regulamentarias terán en todo caso o carácter de:
- Dereito necesario máximo dispoñible.
 - Dereito necesario mínimo indispoñible.
 - Dereito necesario máximo indispoñible.
 - Dereito necesario mínimo dispoñible.
68. O incumprimento polos traballadores das obrigas en materia de prevención de riscos terá a consideración de:
- Incumprimento contractual ou de falta conforme á normativa de funcionarios.
 - Incumprimento laboral ou de falta.
 - Non se contempla na lei.
 - Ningunha é correcta.
69. O empresario poderá asumir persoalmente o deber de prevención de riscos laborais, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria, nas empresas de:
- Ata 6 traballadores.
 - Ata 9 traballadores.
 - Ata 10 traballadores.
 - Ata 21 traballadores.
70. Corresponde a defensa dos intereses dos traballadores en materia de prevención de riscos no traballo a:
- Comités de empresa.
 - Delegados de persoal.
 - Representantes sindicais.
 - Delegados de prevención.





71. Efectuada a sementeira en verán é aconsellable:
- Aplicar un herbicida de folla ancha aos dous días para eliminar malas herbas.
 - Escarificar o terreo para airealo.
 - Compactar a superficie do terreo para diminuír o enchoupamento.
 - Prender o sistema de rega automática para manter a semente sempre húmida durante o nacemento.
72. O estudio da instalación dunha rega automática de aspersión, difusión ou goteo nun xardín, non depende de:
- A pendente do terreo.
 - As medicións da superficie a regar.
 - O arborizado illado.
 - O uso que fagan os usuarios.
73. Que sistema de rega aforra máis auga?
- Por difusión.
 - Por sucos.
 - Por gotexador.
 - Por aspersión.
74. A cantidade de auga que facilita un gotexador utilizado en xardinería é de:
- 8 a 10 litros por hora.
 - 5 a 8 litros por hora.
 - 2 a 4 litros por hora.
 - 1 a 1,5 litros por hora.
75. O corte de poda correcto dunha póla debe:
- Realizarse a ras do tronco sobre o que se sustenta a póla.
 - Deixar unha pequena cepa para evitar o apodrentamento da madeira e a aparición de enfermidades.
 - Realizarse o máis preto do colo, sen ferilo, respectando ese anel de cicatrización.
 - Realizarse nun so corte, no caso de ser pólas pesadas e grosas.
76. O céspede necesita fosfatos principalmente para:
- Estimular o crecemento foliar.
 - Fortalecer o sistema radicular.
 - Desfavorecer a formación de brotes radiculares laterais innecesarios.
 - Favorecer a drenaxe do feltro.
77. Cal das seguintes especies vexetais non é xeralmente marcescente?
- Fagus sylvatica.
 - Quercus pirenaica.
 - Carpinus betulus.
 - Todas son marcescentes.





CONCELLO DE
OLEIROS

78. A absorción dos nutrientes polas raíces das plantas, lógrase por un fenómeno chamado:
- Saturación.
 - Osmose.
 - Trombose.
 - Clorose.
79. O Imidacloprid é a materia activa dun:
- Herbicida de folla ancha.
 - Fungicida.
 - Adubo con alta concentración en cloratos.
 - Insecticida.
80. Cal destas enfermidades non se corresponde coa especie vexetal afectada?
- Rhynchoporus ferrugineus* coa especie *Phoenix canariensis*.
 - Cydalima perspectabilis* coa especie *Buxus sempervirens*.
 - Thyphula incarnata* coa especie *Cornus capitata*.
 - Dryocosmus kuriphilus* coa especie *Castanea sativa*.
81. Que é un insecticida sistémico?
- Un insecticida moi tóxico.
 - Un insecticida de contacto que se aplica sistematicamente cada 7 días.
 - Un insecticida que se aplica en preemergencia.
 - Un insecticida que é absorbido pola planta.
82. O éxito dun enxerto radica en:
- A afinidade entre o porta enxerto e o patrón.
 - O bo contacto do cambium do patrón e o cambium da variedade.
 - Manter os brotes tenros que salgan por debaixo da zona do enxerto.
 - Utilizar preferiblemente fitohormonas para diminuír o proceso de soldadura dos tecidos.
83. Está considerada unha especie invasora na Comunidade de Galicia:
- Cotula coronopifolia* L.
 - Egeria densa* "Planch".
 - Oenothera glazioviana* "Micheli".
 - Todas as anteriores.
84. As follas dos piñeiros chámanse:
- Acículas.
 - Filamentos.
 - Pinochas.
 - Piñas.





CONCELLO DE
OLEIROS

85. Á hora de realizar un tratamento fitosanitario, é importante ter en conta o punto de goteo, de modo que a aplicación deberá facerse:
- Por debaixo do punto de goteo.
 - Por encima do punto de goteo.
 - Moi por encima do punto de goteo.
 - Sen ter en conta o punto de goteo.
86. A que denominamos sabia elaborada?
- Á ascendente.
 - Á descendente.
 - Ambas son correctas.
 - Ambas son incorrectas.
87. Dentro dos diferentes grupos de Elementos Nutritivos necesarios para o desenvolvemento das plantas, en cal se atoparía o xofre?
- No dos elementos secundarios.
 - No dos elementos primarios.
 - No dos microelementos.
 - Indistintamente no dos primarios e secundarios, dependendo da cantidade.
88. Os produtos fitosanitarios deben almacenarse sempre con:
- O resto de materiais perigosos existentes no almacén (combustibles, etc., ...) pero nun espazo onde exista ventilación natural.
 - Sempre en armarios de seguridade, pechados con chave, co resto de materiais perigosos (combustibles, etc., ...) nun espazo onde exista ventilación natural ou forzada e coa sinalización de prohibido fumar.
 - Sempre en armarios de seguridade, pechados con chave, co resto de materiais perigosos (combustibles, etc., ...) nun espazo onde exista ventilación natural ou forzada, sinalizado de prohibido fumar e onde exista unha bandexa de recollida de verteduras.
 - Sempre en armarios de seguridade, pechados con chave, sinalizado con prohibición de fumar, con bandexa de recollida de posibles verteduras e nunca co resto de materiais perigosos (combustibles, etc., ...).
89. Prevención de riscos laborais para o uso da maquinaria:
- Manexar as máquinas con destreza e vixiar que non pase xente.
 - Respectar as normas de seguridade e ler o manual de instrucións.
 - Non manipular as medidas de seguridade instaladas e realizar revisións antes do seu uso.
 - As respostas b) e c) son correctas.





CONCELLO DE
OLEIROS

90. Sinala a resposta incorrecta. Durante o transporte de árbores en camións:
- Deberá procurarse reducir a transpiración e o desecamento, recubriendo as copas con tea de protección e humedecendo cadabullos e contedores.
 - Pode ser conveniente realizar unha aplicación de anti transpirantes cunha antelación duns días antes da subministración e repétilla unha vez cargado o camión.
 - Para plantas subministradas en contedor ou con cadabullo deberá manterse de maneira que o substrato conserve a humidade durante o traxecto.
 - Todas son correctas.
91. Tarefas de mantemento necesarias para a maquinaria e accesorios. Marca a resposta incorrecta:
- Limpar ou cambiar filtros de aire, comprobar niveis de auga, aceite, combustible, etc.
 - As buxías limpadas, comprobadas ou substituídas, afiado de coitelas, lubricar.
 - Limpar o filtro de gasóleo ou cambiar, afiado de coitelas, reparar a dirección.
 - Empregar aceite con colorante para a mestura de motores de dous tempos.
92. Son materiais bituminosos utilizados nos pavimentos de parques e xardíns:
- Alcatrán, macádám e grava-emulsión.
 - Asfalto, slurry e grava-emulsión.
 - Asfalto, betume e macádám.
 - Alcatrán, aglomerante e emulsión asfáltica.
93. Nunha parcela de forma rectangular de 16X24 metros hai que realizar unha instalación de rega con aspersores de alcance entre 8 a 12 metros, cunha presión de 2,2 atmosferas. Cantos aspersores hai que colocar para un correcto solapamento?
- 8.
 - 10.
 - 12.
 - 16.
94. Cales son as clases de plantas que segundo a súa forma de reprodución presentan flores e froitos que recubren as súas sementes?
- Anxiospermas.
 - Todas as ximnospermas.
 - Todas as fanerógamas.
 - Criptógramas.
95. Determina a orde correcta dos seguintes nomes comúns co seu nome científico: Carballo común, Sobreira ou corticeira, Acíñeira y Carballo vermello americano.
- Quercus robur, Quercus suber, Quercus ilex e Quercus petraea.
 - Quercus palustris, Quercus robur, Quercus petraea e Quercus ilex.
 - Quercus suber, Quercus ilex, Quercus petraea e Quercus robur.
 - Quercus robur, Quercus suber, quercus ilex e Quercus rubra.





CONCELLO DE
OLEIROS

96. Pasos para a preparación do solo e sementeira de céspede. Marca a resposta incorrecta:
- Subsolado, despedregado e fertilizado de fondo.
 - Esmiuzado, nivelación e angazado
 - Sementeira, encalado, rulado e rega.
 - Sementeira, angazado superficial, rulado e rega.
97. Cal dos seguintes grupos de especies non toleran ambas a salinidade?
- Metrosidero excelsa e Tamarix gallica.
 - Pinus pinaster e Lagunaria marítima.
 - Fagus sylvatica e Betula utilis 'Jacquemontii'.
 - Morus platanifoia (Kagayamae) e Laurus novilis.
98. Destas especies de céspedd, cal é a máis axeitada para instalar nun xardín nas zonas de sombra?
- Agrostis stolonifera.
 - Poa pratensis.
 - Lolium perenne ou ray grass.
 - Festuca arundinacea .
99. Cales son os beneficios da materia orgánica para un solo?
- Agrega as partículas e esponxa o solo. Retén a auga e os minerais.
 - Xunta as partículas, mellora a dureza e regula o crecemento das plantas.
 - Favorece o desenvolvemento da vida microbiana e achega nutrientes lentamente.
 - As respostas a) e c) son correctas.
100. Destes, cales son abonos orgánicos procedentes de vexetais ou de residuos animais?
- Esterco, turba, cinzas, guano, galiñaza e compost.
 - Guano, residuos animais, compost e nitrato amónico.
 - Superfosfato, compost e galiñaza.
 - Sulfato de potasio, sulfato amónico e urea.

